

A importancia dun mestre/a especialista en educación musical na Educación Infantil

A música desempeña un papel fundamental no desenvolvemento integral dos nenos/as nos seus primeiros anos de vida. Durante a etapa de Educación Infantil (0-6 anos), a exposición a actividades musicais contribúe significativamente ao seu crecemento emocional, cognitivo, social e motor. Nesta maravillosa viaxe, a música emerxe coma unha poderosa ferramenta que nutre e enriquece cada unha destas dimensións de xeito único e significativo.

Ademáis dun disfrute para os oídos, trátase dun exercicio integral para o cerebro no seu desenrolo. Aprender unha canción, seguir un ritmo ou identificar melodías, estimula a memoria, a atención e a concentración. A práctica musical, especialmente con instrumentos, fomenta o pensamento abstracto, o razonamento lóxico-matemático e as habilidades de resolución de problemas. A necesidade de coordinar movementos e ler partituras (incluso de xeito simplificado), fortalecen a coordinación visoespacial e a destreza motora fina. Trátase dun universo de beneficios cognitivos.

A música é unha linguaxe universal que trascende barreiras culturais e idiomáticas, tecendo lazos sociais e emocionais.

LAMENTABLEMENTE, AS ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL NON CONTAN CON ESPECIALISTAS DE EDUCACIÓN MUSICAL.

Aínda que as mestras/es especialistas en Educ. Infantil teñen nos seus temarios da carreira algunha materia vinculada á música e á psicomotricidade, algúns fórmanse despois a través de cursos principalmente, pero correspóndelle aos especialistas en Educ. Musical e en Educ. Física desenvolver plenamente estes aspectos na Educación. Proba disto, nos centros educativos onde se cursa a ensinanza obrigatoria (Ed. Primaria e Ed. Secundaria) contan con ditos especialistas.

Con todo isto, na Comunidade Autónoma de Galicia existe moitas veces unha **desigualdade evidente** na atención á Educación Musical entre o alumnado das escolas de educación infantil (EEI) e o alumnado dos centros de educación infantil e primaria (CEIP). Dado que o alumnado infantil matriculado nun CEIP pode desfrutar de algunha hora semanal en Educ. Musical por parte do seu correspondente especialista (se dispón de horas), **existe unha desigualdade** cara ao alumnado infantil matriculado nas EEI, que non poden desfrutar de tal mestre experto coñecedor da materia.

Actualmente, o catálogo de centros exclúe aos mestres/as especialistas en educación musical das escolas de educación infantil, mentras que nos CEIP esta figura sí está recoñecida e se atopa integrada no equipo educativo. Esta situación xenera unha **diferencia** clara hacia estes nenos e nenas nos seus primeiros anos de vida, **privándoos dunha atención especializada** que potencie o seu desenvolvemento musical e, polo tanto, o seu desenrolo global.

A presenza dun mestre/a especialista en educación musical nas escolas de infantil sería fundamental para garantir igualdade de oportunidades no acceso a unha educación

de calidade, que favoreza a creatividade, a expresión e a aprendizaxe temperá. Ademais, a incorporación destes profesionais contribuiría a reducir as desigualdades educativas, asegurando que todos os nenos/as, independentemente do centro no que estudien, poidan beneficiarse de metodoloxías actualizadas e adaptadas as súas necesidades.

Así, resulta imprescindible actualizar o catálogo de postos de traballo docentes dos centros para reflexar a realidade educativa actual e recoñecer a importancia da educación musical na etapa de infantil. **Este catálogo estableceuse no ano 2007.**

Este catálogo obsoleto non reflexa as necesidades actuais dos centros educativos, nin os avances na pedagogía e lexislación educativa. A súa actualización podería aliviar a situación actual, tanto do especialista de Educ. Musical como de especialistas tan importantes coma PT e AL en moitos centros educativos de Galicia. Todo pasa por actualizar este catálogo de postos de traballo docentes.

Mentres a revisión-renovación non se leve a efecto, sería recomendable a incorporación, de xeito provisional, dun especialista en Ed. Musical que poida acudir ás EEI, e impartir 1 hora semanal por aula (véxase a *ORDE do 6 de xullo de 2007 pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial*).

Contar cun mestre/a especialista en educación musical nas escolas de educación infantil é esencial por varias **razóns**:

1. **Estimulación temperá do desenvolvemento cognitivo:** A música axuda a mellorar habilidades como a memoria, a atención e a linguaxe. Un especialista pode deseñar actividades adaptadas, acorde á idade dos nenos/as e as súas necesidades, que potencien estas áreas.
2. **Fomento da expresión emocional e social:** A música permite aos nenos/as expresar os seus sentimentos, así como aprender a compartir e colaborar cos seus compañeiros/as, promovendo habilidades sociais e emocionais, contribuindo a un crecemento equilibrado e saudable.
3. **Desenvolvemento de habilidades motrices:** A participación en actividades musicais, como bailar ou tocar instrumentos sinxelos, favorece o desenrolo da coordinación, así como a motricidade fina e grosa.
4. **Potenciación da creatividade e a imaxinación:** A música estimula a creatividade, permitindo aos nenos/as explorar diferentes sons, ritmos e melodías, o que enriquece o seu mundo imaxinativo. Estes especialistas aportan metodoloxías innovadoras e actualizadas, alineadas coa lexislación vixente e as mellores prácticas educativas.

5. **Formación dunha base para futuras habilidades artísticas:** A introdución temperá á música senta as bases para un posible interese e talento nas áreas artísticas e culturais nas etapas posteriores.
6. **Equidade na educación:** Garantir a presenza de profesionais especializados en todas as etapas educativas asegura unha atención de calidade e equitativa para todo o alumnado, evitando diferenzas en función do centro onde estén matriculados.

Un mestre/a especialista en educación musical posúe a formación e experiencia necesarias para deseñar e levar a cabo actividades musicais apropiadas para cada etapa do desenvolvemento infantil, asegurando que a música sexa unha ferramenta efectiva para o seu crecemento integral.

En conclusión, integrar un mestre/a especialista en educación musical nas escolas de educación infantil non so enriquece o currículo, senón que tamén contribúe de maneira significativa o benestar dos nenos/as nos seus primeiros anos de vida así como a un desenvolvemento máis equilibrado e completo, sentando as bases para un axeitado aprendizaxe e crecemento saudable.

Existe unha desconexión entre a normativa vixente e a realidade educativa actual, na que a presenza de profesionais especializados na educación musical pode potenciar significativamente o proceso de ensino-aprendizaxe e o desenvolvemento do alumnado.

A incorporación dos mestres/as de Educ. Musical contribuirá a ofrecer unha educación máis completa e inclusiva, garantindo unha maior equidade e calidade na educación, en liña coa lexislación vixente e as necesidades actuais do alumnado.

Por todo isto, solicitamos á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP que dote a todas as Escolas de Educación Infantil (EEI) de Galicia cun mestre/a especialista en Educación Musical de xeito que poida impartir, cando menos, unha sesión de 1 hora semanal a cada unha das aulas/grupos dos centros educativos.

“Que todo o alumnado infantil de Galicia teña educación musical nas súas escolas”